

IES ARCEBISPO XELMÍREZ I

O pasado xoves, 20 de outubro de 2022 no IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela decidiuse o fallo da 10ª edición do Certame de Banda Deseñada AX1, cuxo xurado estaba constituído polas persoas que a seguir se citan:

- Dna. Natalia Val Guerreiro, profesora de debuxo do IES A. Xelmírez I,
- D. Pedro Alonso Cascallana, deseñador, ilustrador e docente durante o presente curso no IES A. Xelmírez I.
- D. Adrián Noia, exalumno de este instituto, estudante de Filoloxía na USC e escritor novel, que acaba de publicar o pasado mes de xullo a novela 'O país dos raposos', galardoada co segundo premio nos Premios Xuventude Crea 2021 de novela curta.
- D. Armando Requeixo Cuba, ensaísta e tradutor, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Española de Críticos Literarios e o Centro PEN Galicia, en representación da Secretaría Xeral de Política lingüística.
- D. Víctor Boullón, autor do cómic **Aleida, cidade sen alma e Aleida II, cruzada**. Víctor estudou na Escola de Arte Antonio Faílde de Ourense, e ten feito traballos de deseño, carteis, portadas de libros e ilustracións para publicidade.

Exerce de secretaria Dna. Sagrario Torrado, profesora do centro e coordinadora do EDL, con voz e sen voto.

Tras as pertinentes deliberacións, o xurado decide o seguinte:

- **Categoría de 12 a 15 anos:**
 1. Premiar en segundo lugar a obra **Monna**. O xurado xustifica a súa decisión tanto na orixinalidade temática como no intelixente tratamento do humor. Trátase de unha neofábula, na que se realiza unha lúcida visita ao mundo da cuestión de xénero e ofrece unha visión integradora que fuxe dos prexuízos. Resulta moi

salientable o compromiso social do texto, non só pola crítica da nosa sociedade a través da alegoría dos macacos interactuando cunha persoa, senón tamén pola mensaxe que quere transmitir. Trátase dunha historia ben elaborada, con introdución, nó e un desenlace categórico que parece solucionar os problemas que a persoa provoca na illa. Destaca o xurado a personificación dos macacos e a súa falta de prexuízos fronte ao esquema moral da persoa.

A técnica é sinxela, adecuada, cun xogo inicial de branco e negro que da paso á eficiente e oportuna coloratura de certos elementos dentro das viñetas que incide nos aspectos relevantes da tese que sostén a historia.

O uso de onomatopeas e frases curtas é tamén moi interesante, pois co seu uso cédese espazo á expresividade da imaxe.

Aberta a plica, o nome da gañadora é **Irene Azul Alves de Madureira Simón**, do IES A. Xelmírez II de Santiago de Compostela.

2. Conceder o primeiro premio, dotado con 500 €, a ***Dende o outro lado do mar***, baseándose no dominio e habelencia á hora de empregar as técnicas de composición da historia gráfica. Valora positivamente o xurado o dinamismo na composición grazas ao emprego de viñetas flotantes: o autor/a autora elixe unha imaxe de fondo para cada páxina (o ceo ou o mar) e as viñetas saen dese fondo como ventás emerxentes. O cómic resulta atractivo polo grande impacto visual que supón o cromatismo, que está tamén ao servizo da narración. As cores complementarias están maxistralmente combinadas, e xógase incluso neste traballo coas tonalidades da cor nos bocadillos.

O relato combina o simbólico co misterioso, cuestionando as sociedades actuais, e o que comeza como un argumento un tanto confuso resulta ser unha historia cun significado implícito. Se cadra, pode concibirse a maior parte do cómic como un recordo determinante no rapaz protagonista no que respecta á súa loita social en defensa da illa, que é representada en última instancia nunha escena de violencia coa que termina o relato.

Aberta a plica, o nome do gañador é **Chano Duro Gigirey**, alumno do IES Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela.

Os membros do xurado deciden conceder un primeiro e segundo Accesit respectivamente ás obras ***Issho e Shi***, de de Icíá Rivas Carro, do IES de Pastoriza de Arteixo, unha obra na que se valora especialmente a factura, feito a man coa técnica de achurado, posta ao

servizo dunha historia de amor tan inxenua como poderosa.

Concede o xurado tamén un accesit a **O mundo do artista**, de Helena Fernández Feijoo, do IES Rosalía de Castro, que destaca pola súa expresividade administrada en pequenas doses, que transmiten perfectamente as emocións da protagonista. Resulta interesante e significativo que a historieta se interne no mundo da reflexión do proceso creativo, como se se tratase de *metaBD*.

Cabe destacar nesta décima edición a alta cantidade e calidade das obras presentadas a concurso, que fixeron moi difícil as decisións das e dos xurados.

- **Categoría de 16 anos en diante:**

1. Conceder o segundo premio, dotado con 200 €, a **Raposo**. O xurado fundamenta este 2º premio nos aspectos formais e, especialmente, na temática tan actual que aborda. A obra presenta un tratamento da cor moi interesante, xogando co negro e o branco e o vermello vivo do raposo, que simboliza o desequilibrio mental do protagonista e o seu coqueteto coa morte. Este xogo cromático mantense xunto coa tensión narrativa ata que a páxina final repentinamente se convirte nunha festa de luz e cor.

A historia resulta destacable polo transfondo que ten respecto ao tratamento da saúde mental, é orixinal no viñetado e ten un uso acertado de onomatopeas . É unha obra limpa e acabada.

Destacamos a madurez intelectual do texto, a súa profundidade e o feito de que o autor ou autora teña un bo dominio da lingua galega.

Aberta a plica, o nome do gañador é **Alex Fornos Gil**, do IES Isaac Díaz Pardo de Sada.

2. Outorgar o primeiro premio de esta categoría, dotado con 500 €, a **Pepa Loba**, un traballo que presenta un debuxo impactante, de gran definición e detallismo e cun xogo cromático ben acaído. O filtro vermello elixido polo autor/a acompaña a esta historia sanguenta a través dun viñetado moi ben artelallado. Mais non só valoramos a calidade dos debuxos, senón tamén a maneira en que estes, a través do seu dinamismo, son capaces de transmitirnos movemento e rapidez no desenvolvemento da obra. Tamén as onomatopeas, exclamacións e frases curtas están ben empregadas.

É de destacar a orixinalidade deste traballo, que presenta como protagonista da historia a unha figura lendaria do século XIX galego, que abre a porta a unha lectura social e identitaria, e deixa no lector e a lectora a sensación de atoparse ante unha obra meditada,

traballada

e

precisamente

acabada.

Aberta a plica, o nome da gañadora é **Noa Feás Gasamáns**, do IES Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela.

O xurado decide tamén nesta categoría conceder un Accesit á obra ***En ningunha parte***, de Nuno Cabrera Cancelo, do IES Isaac Díaz Pardo de Sada, por tratarse de unha historieta que destaca pola súa fantasía, a técnica do autor/autora e o uso da cor como símbolo emocional. Inserta habilmente esta obra os elementos cinéticos e os recursos expresivos típicos da BD.

Concedemos tamén un accesit a ***Talento***, de Lola Díaz Fole, do IES O Carril de Vilagarcía de Arousa. Destacan os membros do xurado nesta composición tanto o impacto visual como o contido: trátase dunha obra de ilustracións potentes, que co seu xogo de luces e sombras executa con aproveitamento un relato que propón a reflexión sobre a sempre complexa vivenza do talento e as súas esixencias, que en ocasións poden aveirar a autodestrución.

Asinan esta acta de resolución da X edición do Certame de Banda Deseñada AX1

Natalia Val Guerreiro

Pedro Alonso Cascallana

Víctor Boullón

Armando Requeixo Cuba

Sagrario Torrado Blanco

En Santiago de Compostela, a 20 de outubro de 2022.